

# PROXECTO XORNADA ÚNICA

CEIP ARQUITECTO CASAS NOVOA

## **ÍNDICE**

- 1. INTRODUCCIÓN.**
- 2. PROCEDEMENTO SEGUIDO PARA A SOLICITUDE.**
- 3. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO.**
- 4. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.**
- 5. OBXECTIVOS A ACADAR COA XORNADA ÚNICA.**
- 6. ORGANIZACIÓN DO CENTRO.**
  - 6.1. Horario do centro.
  - 6.2. Agrupamento do alumnado.
  - 6.3. Horario do profesorado.
- 7. PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.**
  - 7.1. Obxectivos xerais das actividades.
  - 7.2. Cadro de actividades.
  - 7.3. Horario.
  - 7.4. Observacións.
- 8. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.**
  - 8.1. Transporte.
  - 8.2. Comedor.
- 9. VANTAXES DO NOVO HORARIO.**
- 10. AVALIACIÓN.**
  - 10.1. Avaliación externa.
  - 10.2. Avaliación interna.
- 11. CONCLUSIÓN.**

## 1. INTRODUCCIÓN

*A Orde do 29 de maio de 2008 establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta nas escolas de educación infantil, colexios de educación infantil e primaria, colexios rurais agrupados, centros públicos integrados, centros de educación especial e centros privados concertados (DOG N° 109 do 6 de xuño de 2008).*

En base a esta orde, o profesorado do CEIP Arquitecto Casas Novoa, decide facer a solicitude de xornada continuada, para dar a opción de adaptarse aos diferentes ritmos de organización familiar que existen no centro, favorecendo a conciliación da vida familiar, para unha mellor xestión e aproveitamento dos tempos do alumnado e profesorado, tratando de aproveitar mellor as horas de maior rendemento escolar, procurando un horario semellante aos centros da nosa contorna que favoreza unha xestión educativa a longo prazo, unha estabilidade no profesorado do centro así como unha continuidade na xestión actual do servizo de comedor, de tal xeito que non supoña grandes alteracións con respecto ao horario actual, conservando o transporte (despois do servizo de comedor) e reducindo os conflitos que xorden en períodos prolongados de lecer ou nas repetidas entradas e saídas ás aulas.

## 2. PROCEDEMENTO SEGUIDO PARA A SOLICITUDE

Segundo a *Orde do 29 de maio de 2008*, os pasos a seguir son os seguintes:

- **Elaboración dun proxecto** de xornada continuada, no que se inclúa un **plan específico de actividades extraescolares**.
- Aprobación por parte do **Claustro**, por **maioría de tres quintos** dos seus membros.
- Aprobación por parte do **Consello Escolar**, por **maioría dos tres quintos** dos seus membros.
- Contar co **informe favorable do servizo de transportes da Xefatura Territorial**.
- Fase de **información ás familias**, un mes antes de realizar as votacións.
- Exposición do **Censo de pais/nais ou titores legais**.
- Prazo de **reclamacións ao censo**.

- **Sorteo público** dos membros da **mesa electoral** (dous pais/nais/titores legais).
- **Votación** por parte dos pais/nais ou titores legais, onde o proxecto terá que ser aprobado polo 58% do censo, emitíndose **un voto por unidade familiar**. Período de votación de mínimo 8 horas. Recento público dos votos rematadas as mesmas.
- **Entrega na Xefatura Territorial** do proxecto, actas das votacións e o informe favorable do servizo de transportes.

O procedemento que levaremos a cabo no curso 2021 /2022 para a solicitude da implantación da xornada única, en sesión continuada de mañá para o vindeiro curso 2022/2023, seguindo as directrices da *Orde do 29 de maio de 2008* será o seguinte:

|                                                                                                                                                         |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| - Claustro de profesores aproba a iniciativa de modificación de xornada. Consulta de biografía.                                                         |
| - Elaboración do proxecto Pedagóxico- Didáctico.                                                                                                        |
| - Votación dun Claustro.                                                                                                                                |
| - Votación Consello Escolar.                                                                                                                            |
| - Entrega no rexistro da Delegación Provincial de A Coruña da solicitude para a tramitación do informe e viabilidade do Servizo Técnico de Transportes. |
| - Recepción do informe de viabilidade do Servizo Técnico de Transportes da Xefatura Territorial de A Coruña.                                            |
| - O proxecto Pedagóxico- Didáctico difúndese e dáse a coñecer a toda a comunidade educativa.                                                            |
| - Exposición das listas do censo do CEIP Arquitecto Casas Novoa.                                                                                        |
| - Reclamación ao censo.                                                                                                                                 |
| - Aprobación do censo e publicación do censo definitivo.                                                                                                |
| - Sorteo público dos membros da mesa electoral.                                                                                                         |
| - Fase de información ás familias.                                                                                                                      |
| - Votación dos pais/ nais ou titores legais.                                                                                                            |
| - Remitir a documentación solicitada á Xefatura Territorial de A Coruña.                                                                                |

### **3. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO**

A realidade social atópase sumida nun momento de cambio constante que afecta a todos os aspectos da vida social, e polo tanto á escola. Ao igual que todos os organismos e institucións, a escola non pode quedar ao marxe, senón que ten que adecuarse, dentro das súas posibilidades, ao que a sociedade demanda en cada momento.

A proposta que esta Comunidade Educativa fai sobre a implantación da xornada continua, está fundamentada nunha serie de criterios:

#### **a) Criterios psicopedagóxicos**

- O rendemento escolar consideramos que é maior durante a xornada de mañá que nas horas inmediatamente posteriores á comida, por razóns fisiolóxicas.
- A disposición de máis tempo libre pola tarde debe contribuír a incrementar progresivamente a capacidade de autonomía na aprendizaxe por parte do alumnado, favorecendo a súa capacidade de organización, autonomía e autocontrol.
- Os especialistas en educación, manteñen que este tipo de xornada favorece ao alumnado; lonxe de influír negativamente no rendemento escolar, resulta un factor positivo e motivador.
- Non hai constancia algunha de que a xornada continua provoque no alumnado unha maior fatiga que a producida pola xornada partida.
- Non hai interrupcións horarias que prexudiquen a atención, pola contra, o alumnado está na clase nos períodos de maior rendemento.

**b) Criterios socio-familiares:**

- Posibilidade de incrementar o número de horas de convivencia cos membros da unidade familiar, mellorando aqueles aspectos educativos relacionados coa educación en valores e condutas, comunicación entre pais/nais e fillos/as.
- Facilitar aos nenos/as a posibilidade de participar noutras actividades que lles axuden no seu desenvolvemento persoal (conservatorio, escola de idiomas, escolas deportivas, escolas de música tradicional...).
- Facilitarlles a aquelas familias que non desexen facer uso do comedor, poder recoller aos seus fillos/as sen a necesidade de regresar ao centro, sen prexudicar a aquelas outras familias que desexen facer uso do mesmo. Deste xeito intentamos responder ás distintas necesidades das familias.

|                                     |
|-------------------------------------|
| <b>4. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO</b> |
|-------------------------------------|

**4.1. ENTORNO**

O CEIP Arquitecto Casas Novoa está situado na Sionlla, parroquia do Concello de Santiago de Compostela. É importante sinalar que a pesar de pertencer ao concello de Santiago de Compostela e atoparse a só 8 km do mesmo, é unha zona rural. Así, a poboación atópase espallada en aldeas e ten como núcleos xeográficos e vivenciais diversas parroquias das cales procede o alumnado, como son:

1.- Santa María de Grixoa.

2.- Santa María de Verdía.

3.- San Pedro de Busto.

4.- Santa Cristina de Nemenzo.

5.- San Vicente de Marantes.

6.- San Andrés de Barciela.

7.- Santa María de Cesar.

8.- San Cristobo de Enfesta

9.- San Caetano.

A poboación da Sionlla vivía, ata non hai moito, fundamentalmente do campo; sen embargo, na actualidade a maioría da poboación activa traballa nos sectores de servizos e industrial, atopándose na zona unha das madeireiras españolas máis importantes: FINSA, así como próximo a ela, probablemente a maior zona de expansión industrial do Concello de Santiago de Compostela: os polígonos do Tambre e da Sionlla; ficando así a actividade agrícola e gandeira como base de moi poucas economías da zona, e simplemente como un complemento da economía familiar.

#### **4.2. DATOS XERAIS DO CENTRO**

Os datos xerais do centro son os que se amosan na seguinte táboa:

|                           |                                                                                                |
|---------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Denominación</b>       | CEIP Arquitecto Casas Novoa                                                                    |
| <b>Enderezo</b>           | Rúa A Sionlla de Abaixo nº 10 CP:15884                                                         |
| <b>Concello</b>           | Santiago de Compostela                                                                         |
| <b>Provincia</b>          | A Coruña                                                                                       |
| <b>C.I.F.</b>             | Q655022J                                                                                       |
| <b>Teléfono</b>           | 881866975                                                                                      |
| <b>Correo electrónico</b> | <a href="mailto:Ceip.casas.novoa@edu.xunta.gal">Ceip.casas.novoa@edu.xunta.gal</a>             |
| <b>Páxina Web</b>         | <a href="http://www.edu.xunta.gal/ceipcasantasnovoa/">www.edu.xunta.gal/ceipcasantasnovoa/</a> |

#### **4.3. NIVEIS E ALUMNADO**

O CEIP Arquitecto Casas Novoa acolle as etapas educativas de Educación Infantil e Primaria, contando con 3 unidades de Educación Infantil e 6 unidades de Educación

Primaria. Actualmente a matrícula é de 172, dos cales 51 son de Educación Infantil e 121 son de Educación Primaria. Distribúense en 9 aulas: 3 de Educación Infantil e 6 de Educación Primaria.

#### **4.4. CATÁLOGO DE PERSOAL DO CENTRO**

Atendendo ao catálogo de postos escolares establecido, son os que se amosan nas seguintes táboas:

| <b>Persoal</b>     | <b>Nº</b> | <b>Observacións</b>                                       |
|--------------------|-----------|-----------------------------------------------------------|
| Educación Infantil | 4         |                                                           |
| Educación Primaria | 5         |                                                           |
| Inglés             | 1         |                                                           |
| Francés            | 1         |                                                           |
| Educación Física   | 2         | Unha itinerante                                           |
| Educación Musical  | 1         |                                                           |
| Relixión           | 2         | Itinerantes                                               |
| PT                 | 1         |                                                           |
| AL                 | 1         | Itinerante con centro base<br>CEIP Arquitecto Casas Novoa |
| Orientadora        | 1         | Itinerante                                                |

**TOTAL 19.**

En canto ao persoal non docente, está formado por:

| <b>Persoal non docente</b> | <b>Número</b> |
|----------------------------|---------------|
| Cociñeira                  | 1             |
| Axudante de cociña         | 2             |

|                    |   |
|--------------------|---|
| Persoal de limpeza | 2 |
| Conserxe           | 1 |

#### **4.4. INSTALACIÓNS DAS QUE DISPÓN O CENTRO**

O colexio conta coas seguintes instalacións:

- 3 aulas de educación infantil e 6 de educación primaria con conexión a internet.
- Patio cuberto.
- Pistas polideportivas.
- Zona de xogo infantil.
- Biblioteca.
- Laboratorio.
- Sala de xogos.
- Sala de audiovisuais.
- Aula de música.
- Aula de idiomas.
- Aula de plástica.
- Ximnasio.
- Aula de informática.
- Comedor.
- Local para a Asociación de Nais e Pais.

#### **4.5. ANPA DO CENTRO**

A Asociación de Nais e Pais (ANPA) durante estes últimos cursos organizou diferentes actividades que tiñan carácter extraescolar e que se desenvolvían no propio centro ao mediodía.

## 5. OBXECTIVOS A ACADAR COA XORNADA CONTINUA

Tendo coma fin primordial o **desenvolvemento integral** do noso alumnado, os obxectivos que nos propuxemos acadar coa xornada continua son:

1. Conseguir un maior rendemento do noso alumnado, xa que o alumnado consegue un mellor aproveitamento na Xornada Continua. Deste modo estaríase optimizando os períodos de maior nivel de atención, motivación e por tanto rendemento para a formación escolar e persoal.
2. Aumentar e potenciar o período de utilización do tempo de lecer para outras actividades complementarias e formativas, ben sexa dentro da escola ou fóra, á vez que se acada unha distribución do tempo de lecer máis racional e eficaz e, deste xeito, obter tempo para estudar, facer tarefas de casa, xogar, estar cos pais/nais, descansar, etc.
3. Separar de forma racional e eficaz, os tempos para:
  - Actividades lectivas.
  - Actividades extraescolares.
  - Horas de estudo.
  - Ocio e tempo de lecer.
4. Facer un mellor aproveitamento e dinamización da **Biblioteca Escolar**, potenciando a animación á lectura, consulta, estudo etc. ao permanecer aberta fóra do horario lectivo, supervisados por profesorado do centro.
5. Realizar actividades subvencionadas ou ofertadas polo Concello, polo propio centro e pola ANPA, en horario de tarde, en lugar de facelas ao mediodía, para aproveitar mellor o horario lectivo das mañás para a actividade escolar.

6. Evitar o inconveniente de horarios diferentes entre alumnos/as que estudan no IES e os que fan os CEIP: distintas horas para estudar, merendar, ir a actividades... no caso de familias con varios fillos/as.

7. Contribuír á creación dun novo marco de participación e colaboración das familias e Institucións do noso entorno (conservatorios, escolas de música, escolas deportivas, asociacións...).

8. Facilitar o paso ao instituto habituando aos alumnos/as á xornada única. Deste xeito tamén se favorece a conciliación familiar naquelas familias con fillos en diferentes centros (CEIP / IES).

9. Posibilitar a participación en actividades complementarias (coma concertos didácticos, sesións de teatro...) que comezan ás 10 ou que se prolongan ata máis das 13.00, que coa partida temos que rexeitar debido ao horario tan reducido de mañá.

10. Facilitar a organización familiar, dando a opción de adaptarse aos distintos ritmos de cada familia, en función das súas necesidades, permanecendo aberto o centro a disposición do alumnado de 7:45h a 18:30h.

## **6. ORGANIZACIÓN DO CENTRO**

### **6.1. HORARIO DO CENTRO**

A organización do centro non sufriría excesivas modificacións. O horario proposto sería o seguinte:

|                                 |            |
|---------------------------------|------------|
| <b>Servicio de Madrugadores</b> | 7:45/ 9:40 |
|---------------------------------|------------|

| <b>SESIÓNS</b> | <b>HORAS</b> |
|----------------|--------------|
| 1ª             | 9:40/ 10:30  |
| 2º             | 10:30/11:20  |

|                                                                                                                                                                     |                |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------|
| 3º                                                                                                                                                                  | 11:20/12:10    |
| Recreo                                                                                                                                                              | 12:10/12:40    |
| Hora de Ler                                                                                                                                                         | 12:40/13:00    |
| 4º                                                                                                                                                                  | 13:00/13:50    |
| 5º                                                                                                                                                                  | 13:50/14:40    |
| <b>Comedor</b>                                                                                                                                                      | 14:40/15:40    |
| Tempo de lecer                                                                                                                                                      | 15:40/16:15    |
| Organización do alumando para o transporte ou para asistir ás actividades extraescolares/biblioteca.                                                                | 16:15/16:30    |
| Recollida do alumnado polo <b>transporte</b>                                                                                                                        | 16:30          |
| <b>Biblioteca /extraescolares</b>                                                                                                                                   | 16:30/18:30    |
| Recollida do alumnado por parte das familias, en función das actividades extraescolares a realizar ou asistencia á biblioteca (atendida por profesorado do centro). | 17:30<br>18:30 |

## **6.2. AGRUPAMENTO DO ALUMNADO**

O agrupamento do alumnado manteríase como ata o de agora e o profesorado estará organizado en función dos compoñentes do claustro cos que conte o centro o vindeiro curso, tendo en conta a Orde de catálogo.

## **6.3. HORARIO DO PROFESORADO**

Segundo a *Orde de 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, o horario do profesorado está formado

por 37 h e media, das cales 30 serán no centro e 7h e media realizaranse fóra do centro.

**a) No centro:**

- **Lectivo** - 9:40h / 14:40h - 25 lectivas á semana.
- **Non lectivo** - 5 non lectivas para completar o seu horario de adicación ó centro: titorías, reunións de equipos, claustros, transporte, horas de gardas de tarde ...
  - A **hora de permanencia** de todo o profesorado no centro, será os **luns de 16:30 - 18:30h**.
    - De **16:30 - 17:30h** será a hora semanal de titoría para a atención a consultas individuais por parte dos pais/nais dos temas educativos dos seus fillos/as.
    - De **17:30 - 18:30h** levaranse a cabo as reunións de equipos docentes, departamento de orientación, comisión de coordinación pedagóxica, equipo de dinamización da lingua galega, equipo de actividades complementarias e extraescolares, equipo de Biblioteca, equipo TICs...
    - De **martes a venres**, e mentres se celebren as actividades extraescolares, **permanecerán no colexio de 16:15 - 18:30 h un/dous** profesores/as (dependendo das necesidades), que ostentarán a representación oficial do centro e manterán en funcionamento a biblioteca, que estará a disposición do alumnado.
    - O **profesorado de garda** será o encargado de acompañar ao alumnado á saída do comedor para o transporte, **xunto cos colaboradores/as do comedor**, así como á saída de biblioteca.

No tocante ás Actividades Extraescolares, serán os monitores/as de ditas actividades os encargados de entregar ao alumnado aos pais/nais.

- b) **Fóra do centro**→ 7 horas e media para: preparación das sesións, avaliacións, correccións, elaboración de material dixital (blog, páxina web...), formación (que con este horario actual vese limitada) etc.

## 7. PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

As actividades que se propoñen, pretenden un mellor aproveitamento do tempo libre para contribuír a mellorar a formación integral do alumnado, abarcando aqueles aspectos que os programas escolares non contemplan suficientemente. Respetarán as necesidades de xogo, descanso e convivencia familiar, e na súa programación teranse en conta as características do alumnado aos que se dirixe.

Ademais posuirán as seguintes **características**:

- Carácter voluntario e libre.
- Abertas a todo o alumnado do Centro.
- Non terán carácter discriminatorio.
- Acordes co Proxecto Educativo.
- Estarán recollidas na Programación Xeral Anual de Centro.

Tal e como se recolle na **Orde do 29 de maio do 2008** o centro presentará un plan específico de actividades extraescolares que se desenvolverán pola tarde. Neste plan específico de actividades preverase o modo de colaboración nelas das asociacións de nais e pais do alumnado, doutras institucións e organismos, e, de ser o caso, do profesorado, sinalando o órgano responsable da organización e financiamento de cada actividade, así como a participación económica do alumnado, se fora o caso.

Estas actividades realizaranse de acordo coa programación e distribución que se especifica en cada unha delas, segundo o proposto, o estudo, o acordo e a aprobación do Claustro e do Consello Escolar.

O horario acordado para estas actividades quedaría fixado de **luns a venres de 16:30 a 18:30h**, tendo un marxe de 35 minutos á saída do comedor de tempo libre de lecer e 15 minutos para a organización do alumnado (de 16:15 a 16:30h), para distribuílos en transporte, biblioteca e actividades extraescolares.

A oferta de actividades do noso centro para o horario de tarde, intenta acomodarse ás posibilidades que temos e ás preferencias manifestadas polos pais/nais do noso alumnado e do mesmo. O Centro ofrece o soporte de dita organización:

- Garantindo a apertura do centro e das instalacións debidamente controlados (instalacións que, actualmente e debido á situación pandémica, vense limitados en horarios e espazos).
- Estruturando e configurando a organización, para facer viable o desenvolvemento simultáneo e razoable de todas as actividades.

### **7.1. OBXECTIVOS XERAIS DAS ACTIVIDADES**

Os obxectivos que se perseguen con estas actividades son:

- Ofrecer ao alumnado do centro e á Comunidade Educativa a posibilidade de involucrarse nas distintas actividades extraescolares do Centro.
- Contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado, poñéndoo en contacto con diferentes técnicas e situacións de aprendizaxe, co fin de potenciar aquelas habilidades que se pretenden coas actividades propostas.
- Estimular e potenciar aptitudes relacionadas coa creatividade, expresión corporal e artística, autoestima, autonomía persoal, desenvolvemento físico e intelectual,...
- Estimular e potenciar actitudes de compañeirismo, axuda, cooperación, traballo en equipo, convivencia, orde, hábitos de comportamento, responsabilidade,...
- Utilizar os espazos e os recursos do Centro para pór ao alumnado en contacto con outras persoas, situacións e lugares das que habitualmente coñece.

### **7.2. MODELO DE ACTIVIDADES**

Ata o curso pasado a proposta de actividades foi a que se detalla a continuación. É necesario destacar que este ano por mor da situación que estamos a vivir non é posible poñer en marcha todas as actividades, xa que **están limitadas polos espazos, que poderían ser empregados de ter unha xornada continua.**

Este modelo de actividades pode sufrir modificacións de cara o próximo curso. Dependerá da demanda que fagan ás familias. Polo tanto amósase aberto e flexible a cambios.

NOME:

 Patinaxe.

 Robótica

 **Ludoteca**

 Baile Moderno

 **Teatro.**

 **Pintura**

 **Judo**

 Inglés

### **7.3. HORARIO DAS ACTIVIDADES**

| <b>Horas</b>    | <b>LUNS</b>                                        | <b>MARTES</b>                                            | <b>MÉRCORES</b>                            | <b>XOVES</b>                                | <b>VENRES</b>                           |
|-----------------|----------------------------------------------------|----------------------------------------------------------|--------------------------------------------|---------------------------------------------|-----------------------------------------|
| 16:30/<br>17:30 | Ludoteca<br>Judo 1<br>Patinaxe<br>1º e 2º<br>Ep    | Ludoteca<br>Baile<br>Moderno<br>Inf e 1º<br>EP<br>Xadrez | Ludoteca<br>Judo 1<br>Patinaxe<br>Infantil | Ludoteca<br>Teatro<br>Inglés Inf<br>1º e 2º | Ludoteca<br>Judo<br>Infantil<br>pintura |
| 17:30/<br>18:30 | Ludoteca<br>Judo 2<br>Patinaxe<br>de 3º a<br>6º EP | Ludoteca<br>Baile<br>Moderno<br>a partir de<br>2º        | Ludoteca<br>Judo 2                         | Ludoteca<br>Inglés ( a<br>partir de<br>2º)  | Ludoteca<br>Robótica                    |

Esta proposta de horario de actividades son un exemplo orientativo. O cadro definitivo será organizado segundo as preferencias da maioría das familias (posto que é preciso ter un número mínimo de participación).

### **7.4. OBSERVACIÓNS**

Teremos en conta o seguinte:

1. As actividades anteriores **amósanse como modelo**, pero sen carácter definitivo. Poderanse ofertar outras distintas, en función das necesidades ou peticións das familias, pero sempre que contén con un número mínimo de nenos/as.
2. Todas as persoas que impartan algunha actividade serán legalmente contratadas, con seguro e titulación precisa.
3. A participación económica do alumnado en cada actividade, en xeral, estará en función da demanda e financiamento do órgano responsable da organización de cada actividade, como ven sendo na actualidade.
4. Todas as actividades realizaranse nas instalacións do colexio e serán supervisadas polo profesorado que por quendas permanecerá no centro.
5. A Biblioteca será atendida polo profesorado de garda, de martes a venres. O alumnado poderá asistir ás actividades extraescolares, ou ben asistir á Biblioteca do centro. Este alumnado terá que ser recollido polo titor legal ou persoa autorizada. Se os pais/nais/titores/persoas autorizadas desexan levar aos seus fillos/as antes da hora de saída establecida da Biblioteca, deberán asinar á hora de recollelos, de maneira que haberá un control a través dunha folla de seguimento.

## **8. SERVICIOS COMPLEMENTARIOS**

### **8.1. TRANSPORTE**

O servizo técnico de transportes da Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de A Coruña, tras un estudo do transporte do CEIP Arquitecto Casas Novoa, emitirá un informe, considerando viable ou non, a posibilidade de desenvolver este servizo no novo horario proposto.

O **cambio de horario** de xornada partida á xornada continua na etapa de Educación Infantil e Primaria, **non supón grandes cambios na organización dos servizos** de transporte de entradas e de saídas. Mantéñense as mesmas rutas e número de autobuses.

O horario quedaría do seguinte xeito:

- A **entrada** ao centro **adiántase** vinte minutos, é dicir, ás **9.40h** da mañá.
- A hora de **saída** sería ás **16:30h**, despois do comedor escolar (media hora antes do que se está facendo)

## **8.2. COMEDOR**

Dado que o servizo de comedor é de xestión directa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, este servizo vai seguir mantendo nas mesmas condicións que ata agora, e en todo caso de acordo coas instrucións recibidas cada curso dende a Consellería.

Tan só se modificará a hora da comida para adaptarse ao novo horario, así como o tempo de lecer despois de comer. Ao finalizar o mesmo, o alumnado de transporte será acompañado polos colaboradores do comedor, xunto cos mestres/as de garda dese día.

## **9. VANTAXES DO NOVO HORARIO**

Ademais dos puntos expostos na xustificación e nos obxectivos, as razóns e vantaxes polas que se propón o cambio de horario son as seguintes:

- **Posibilitar o estudo persoal do alumnado**, segundo os criterios da psicoloxía evolutiva, facilitándolles o tempo necesario para a asimilación e interiorización do seu propio traballo.
- **Aproveitar o tempo real de traballo dentro da aula**, xa que se eliminan moitos tempos ou momentos repetitivos de entradas e saídas.
- **Posibilitar o descanso do alumnado máis pequeno despois de xantar**, dando resposta a opción de recollelos despois de comer naquelas familias que o demandan.
- **Aumentar o tempo de xogo** no caso dos nenos/as pequenos o que favorece o seu desenvolvemento.

- **Facilitar a organización do tempo por parte das familias do alumnado e do profesorado**, evitando as perdas derivadas dos desprazamentos e facilitando o incremento da convivencia familiar.
- **Aumentar o tempo dispoñible do alumando para acadar unha formación integral** que inclúa diversos ámbitos: académico, formativo, social, psicolóxico, afectivo e de relación familiar, separando e diferenciando ben os tempos (pola mañá na aula coas materias e pola tarde actividades e/ou biblioteca).
- **Reducir os conflitos** que poidan xurdir **nas entradas e saídas** así como nos períodos longos de lecer como pode ser despois do comedor.
- **Aproveitar mellor todos os recursos e infraestruturas** dos que dispón o centro.
- **Dinamizar o uso da biblioteca** escolar ao permanecer aberta fóra do horario lectivo, facilitando a lectura, consulta de información, estudo, xogos educativos... estando vixiados polo profesorado do centro.
- **Favorecer a estabilidade do profesorado** do centro asegurando a continuidade dos diferentes proxectos, como o Plan de Bibliotecas, e a posibilidade de asistir aos cursos de formación que se realizan pola tarde, e que con este horario moitas veces temos que rexeitar.

## 10. AVALIACIÓN

De acordo coa lexislación vixente, de efectuarse un cambio de horario no noso centro, este non podería volver a modificarse durante tres cursos consecutivos.

Durante este tempo sería necesario levar a cabo un seguimento do proxecto a través de distintos instrumentos e procedementos de avaliación, que ao mesmo tempo se converterán en mecanismos de control da súa eficacia, e elementos necesarios para formular as propostas de mellora cara aos seguintes cursos escolares.

### 10.1. Avaliación Externa

**Recollida na orde 29 de maio do 2008.**

Esta avaliación será realizada pola Administración cos procedementos que considere máis oportunos e que recolle a Orde.

### **10.2. Avaliación Interna**

O equipo directivo fará un seguimento deste proxecto, facendo as modificacións e melloras precisas para o seu correcto desenvolvemento. Para iso, trimestralmente a través do Consello Escolar nas súas reunións ordinarias, recollerá as suxestións e aportacións de todos os sectores da Comunidade Educativa, xa que neste órgano atópanse representados todos os sectores. Ademais, se fose preciso e ante calquera problema que poida xurdir, faranse as reunións extraordinarias necesarias do Consello Escolar.

As actividades serán avaliadas no Consello Escolar, ben sexa nunha das reunións ordinarias do mesmo, ou ao remate da actividade. Para levala a efecto terase en conta o informe dos responsables das actividades, que previamente terán recollida a información dos coordinadores e transmitida información ao Equipo Directivo, podéndose orientar mediante a consideración dos seguintes criterios:

- Nivel de asistencia do alumnado.
- Calidade das actividades impartidas.
- Coordinación efectiva das actividades.
- Rendemento xeral dos participantes.
- Grao de aceptación e satisfacción por parte do alumnado, monitores, pais/nais...
- Propostas, se da lugar, de corrección nalgún apartado da actividade, cambio de enfoque, melloras que se poidan introducir, etc.
- As conclusións da avaliación quedarán anotadas na acta correspondente ao

Consello Escolar celebrado no que se incluíu este apartado como punto a tratar na orde do día. Anualmente na Memoria Anual, recolleranse as valoracións do proxecto, feitas polo Consello Escolar trimestralmente, así como as propostas de mellora que deberán levarse a cabo no curso seguinte.

## **11. CONCLUSIÓN**

A xornada única ofrece ao alumnado e ás familias, os mesmos servizos que a xornada partida e incluso máis, xa que a oferta de actividades neste tipo de xornada é maior e máis variada, o que complementa a formación do noso alumnado.

O colexio ofrece deste xeito, unha formación integral que non remata no horario académico, senón que continúa en horario extraescolar con actividades que contribúen a completar dita formación e reforzala.

Co modelo do noso proxecto educativo de xornada única, podemos afirmar que este horario non supón unha fatiga escolar nin unha baixada no rendemento do alumnado, xa que a distribución das áreas é axeitada, e os descansos tanto en Educación Infantil como en Educación Primaria están ben distribuídos. Impártense as clases no horario de máximo rendemento do alumno/a, cando a súa capacidade de aprendizaxe é maior.

Contamos coas experiencias en outros centros educativos, onde se fixo o cambio de xornada e onde teñen experiencias positivas.

Somos conscientes de que modificar o horario non vai ser a panacea para poder resolver todos os problemas educativos existentes, pero no noso ánimo está mellorar a situación do noso centro e dar a posibilidade de favorecer a conciliación familiar tendo en conta os distintos contextos.